

## Á MESA DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>

**O Grupo Parlamentar de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Emenda á Proposición non de lei, doc. núm. 11438, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre o incremento polo Goberno galego, para o curso 2017-2018, do número de prazas públicas na escola infantil de Viana do Bolo, do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, ata eliminar a lista de espera existente, incluída na orde do día da sesión que esta comisión vai celebrar o 27 de xuño de 2018. (10/PNC-001177).

### **Emenda de Adición**

Débase engadir na parte resolutiva o seguinte punto:

- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a presentar antes de finais de 2018, ante este Parlamento, un plan, acompañado de plan orzamentario, que permita garantir o establecemento dunha rede pública de escolas infantís e casas niño de 0 a 3 anos na provincia de Ourense antes de 2020.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Verao na data 26/06/2018 13:29:43**

**Luis Villares Naveira na data 26/06/2018 13:29:51**

## Á MESA DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 31838, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co suicidio dunha doente no Hospital “Lucus Augusti” de Lugo o día 12 de maio de 2018, incluída na orde do día da sesión que está Comisión vai celebrar o vindeiro 27 de xuño (10/PNC-002589).

### EMENDA DE ENGADEGA

Débense engadir os seguintes puntos:

- Desenvolver de xeito urxente o Plan Estratéxico de Saúde Mental, con aplicación real e orzamento suficiente.
- Desenvolver un novo Plan de Atención e prevención ao Suicidio nos mesmos termos.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,  
Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 26/06/2018 14:31:06**

**Luis Villares Naveira na data 26/06/2018 14:31:13**

## Á MESA DA COMISIÓN 5.<sup>a</sup>

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda** á Proposición non de lei doc. núm. 31996, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a cobertura polo Sergas das prazas de persoal necesarias para garantir a atención pediátrica nos centros de saúde de Coruña e de Navia, en Vigo, incluída na orde do día da sesión que esta Comisión vai celebrar o vindeiro 27 de xuño (10/PNC-002603).

### EMENDA DE ENGADEGA.

Engadir un novo punto:

- Licitación do proxecto de construción do novo centro de saúde para o barrio de Bouzas.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2018.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 26/06/2018 14:36:19**

**Luis Villares Naveira na data 26/06/2018 14:36:27**